

PANTALLAS]

Para unha historia
do cinema
en lingua galega

[4] Lume na periferia

Xosé Nogueira [Coord.]

Cristina R. Lesmes
Fernando Redondo Neira
Xurxo González Rodríguez
Iván Villarnea Álvarez
Jaime Pena
Julio Vilariño Cabezas

Sara Donoso
Margarita Ledo Andión
Lara Rozados Lorenzo
Gonzalo E. Veloso
Alberte Pagán

Habitar un espazo. A construción do lugar no NCG

Julio Vilariño Cabezas

O espazo físico foi sempre un dos obxectos de estudo da xeografía. Tradicionalmente esta traballaba cunha noción de “espazo absoluto”, de coordenadas exactas e elementos permanentes. A nova xeografía de finais do século XIX non vai aceptar esta premisa, xa que asume que as localizacións nunca son estáticas, están en continuo movemento e sometidas á acción sobre elas de diversos elementos, entre os cales destaca a interacción do ser humano co seu hábitat. A creación da paisaxe e as súas tipoloxías como artificios interesados para a organización humana do espazo provocou a asunción deste novo espazo relativo, cambiou a metodoloxía e o obxecto dos estudos cara ás relacións entre os lugares, os recursos naturais, os fluxos humanos e a distribución e flutuación destes sobre o devandito espazo.

Así, a xeografía humana definida por Ratzel como Antropoxeografía xa no século XIX e máis desenvolvida polos xeógrafos da

galego contemporáneo, todo puntuado pola aparición da praga das casas rurais e as plantacións de eucaliptos. O territorio semella ser por fin un elemento vivo, cambiante e humano, onde paisaxe e persoas conviven e modifícanse constantemente unha á outra.

A secuencia inicial do filme de Laxe tamén é digna de salientarse. Unha topadora arrinca pola noite os eucaliptos dunha plantación iluminada de xeito irreal xerando unha especie de paisaxe estrañada e onírica que funciona a modo de reflexión sobre as plantacións galegas. Esta secuencia resoa no final noutra obra filmada e estreada ao mesmo tempo, *Longa noite* (2019), o filme de Eloy Enciso. Nesta obra, dividida en tres actos, o director incide novamente nos modelos do teatro brechtiano herdados do cinema de Straub e Huillet, depurando o seu estilo e prescindindo do lastre documental para acadar un filme notábel. Ao longo do terceiro acto fai aparición unha paisaxe boscosa da montaña luguesa pola que transita o seu personaxe principal. A iluminación artificial, ao igual que en *O que arde*, xera un estrañamento que serve de marco para unha especie de “paisaxe interior” moi acaída para o filme. Este territorio real/onírico que amosan ambos os filmes abre unha nova porta ás formas de representar a paisaxe e a relación entre esta e os seres humanos que a habitan.

Por último, cabería falar dunha singularidade moi propia do cinema galego: a construción do espazo a través da ausencia, debida á lacra dunha emigración que segue asolando Galicia e que forma parte da nosa idiosincrasia como pobo. Así, moitos dos filmes do NCG falan do país dende o desterro, dende as feridas dunha separación espacial e, nalgúns casos, tamén temporal. Confórmase entón unha sorte de terceiro espazo mítico, un desexo de recuperación dun espazo perdido por causas económicas ou políticas. O exemplo máis paradigmático sería o de *Vikingland* (2011), filme elaborado por Xurxo Chirro a partir das gravacións dun mariñeiro guardés, Luís Lomba “O Haia”.

No caso de *Bs. As.* (2006), de Alberte Pagán, o cineasta constrúe o relato arredor da emigración dunha familia á capital Arxentina. O relato constrúese con dúas partes ben diferenciadas. Por unha banda, a narración que se fai dende aquí (Galicia) dunha voz dos

tempos pasados que racharon coa familia e levaron a unha ausencia imposta. Pola outra, a contestación que se fai en presente dende o outro lado do océano sobre un lugar que agora resulta estraño. Velaquí esa dobre separación temporal e espacial que tamén configura a nosa sociedade e que xeógrafos como David Harvey e filósofos como Fredric Jameson sinalaron como unha das características que configuran a nosa sociedade posmoderna.

A paisaxe como elemento dinámico e humano, a realidade netamente urbana do país, o espazo como campo de batalla político e económico e a temporalización do espazo (e a espacialización do tempo) son así as grandes eivas que gran parte dos cineastas galegos semellan esquivar na representación do noso territorio. A construción dun ideario e dun imaxinario que respondan á nosa realidade como habitantes dun espazo, que nos interpele e fale da nosa relación co medio é a materia pendente dunha xeración de cineastas que están desaproveitando a oportunidade de mudar unha serie de visións míticas folcloristas e desmobilizadoras xa demasiado perpetuadas no tempo; tropos territoriais falsos e interesados que o cinema ten a obriga moral de refutar e desenmascarar.